

A CARPINTERÍA DE RIBEIRA

MESA REDONDA/HOMENAXE AOS MESTRES CARPINTEIROS



NIGRAN
Salón de Actos do Concello

30 de novembro 2012
20 horas



www.accioncosteira.es

Europa investe na pesca sustentável



A carpintería de ribeira en Galicia.

Non é posible entender Galicia sen o mar, sen a súa presenza e sen o sustento que aporta, traballosamente tomado del polas nosas xentes, dende as praias e rochas e dende as embarcacións que fan accesible o mar, que permiten moverse nel con soltura.



Estas embarcacións depuradas polo tempo permítenos percorrer o mar, para facelo despensa e camiño, e cada vez máis tamén lecer.

O arte da súa construción foi transmitido de xeración en xeración ata os nosos días, coa súa técnica, a súa sensibilidade e a súa creatividade.

Con materiais tomados do entorno máis achegado e unhas poucas ferramentas, estes artesáns fixeron posible a vida das comunidades mariñeiras e souberon adaptar as embarcacións a cada un dos usos que se pedían delas.

É preciso render homenaxe a estes mestres que trouxeron toda esta sabedoría ata nós.

Temos que aprender deles a súa ecolóxica relación co entorno, o seu enxeño, o seu pragmatismo e a súa adaptabilidade.

O seu profundo coñecemento dos materiais, das formas e das necesidades da xente do mar.

E a súa humanidade e humildade.

Temos que aprender deles e tamén reivindicar a valía actual dos seus coñecementos.



Porque é preciso comprender e valorar as nosas orixes, e coñecer a importancia de vivir dun xeito máis harmonioso co noso medio natural, respectándoo e beneficiándonos tamén dos recursos que xenerosamente proporciona cando o tratamos ben.

A carpintería de ribeira en Galicia foi esquecida e menosprezada ante un troco de valores que afastou ao ser humano da natureza.

Sempre parece que o que é novo, diferente, e alleo a nós é mellor que o que temos e sabemos.

Pero realmente non é así, o tempo proporciona a adaptación ó entorno e a proba/erro vai pulindo os resultados ata chegar a un grao de perfección imposible de acadar sen un proceso evolutivo detrás.

Pode ser que nun momento no que o mar mostra signos de esgotamento polo maltrato ó que o sometemos sexa tempo de voltar ós vellos coñecementos?

Pode ser que a calidez, agarimo e vida que proporciona a madeira faga máis pracenteiro e singular o lecer no mar?

Pode ser que ante un uso inconsciente dos recursos e a enerxía sexa xa o momento de voltar á sustentabilidade e responsabilidade das prácticas dos nosos avós?

Pódense conxugar vellos coñecementos e novas técnicas?

Cal é realmente o progreso: o camiño cara a unha maior artificialización da nosa vida ou o que leva cara a unha integración harmoniosa no entorno?



Algúns dos últimos carpinteiros de ribeira en activo na zona da Ría de Vigo-A Guarda:

Marcelino Cancelas Vázquez, Moaña.

Santiago Cancelas, Moaña.

Victoriano Santomé Paz, Meira.

Pedro Rioboo Casqueiro, Meira.

Javier Casás, Meira.

Enrique Piñeiro Costa, A Guía.

Francisco Fernández Calvar, A Guía.

Vicente Ferradás Moreira, Domaio.

Manuel Rodríguez Lemos, Domaio.

José González Moreira, "Laxes", Domaio.

José Luis e Benito Ferradás González, Domaio.

Santiago Montenegro, Domaio.

Enrique Ferradás, Domaio.

José Ríos, Domaio.

Francisco Verdeal, Domaio.

Francisco Pastoriza "Canal", Domaio.

Manuel Rodríguez Lemos, Domaio.

Manoliño Andrés, Domaio.

Benito Rosiña, Domaio.

Francisco Fernández Portela "El enano", San Adrián de Cobres.

Marcelino Acuña Marcos, San Adrián de Cobres.

Claudio Otero Vázquez, San Adrián de Cobres.

Manuel y José Loureiro Fernández, Cesantes.

Francisco Montenegro Martínez, Ríos.

José Pérez Martínez, Ríos.

Alfredo Lagos, Bouzas.

Rosendo Lagos Silva, Bouzas.

Juan Lagos, Bouzas.

Alfredo Lagos Abarzuza, Bouzas.

Alberto Lagos, Bouzas.

Álvaro Malvido Pérez, Coruxo.

Casiano Pérez Suarez, Canido.

Juan Pérez Alonso, Canido.

Antonio Pérez, Coruxo.

Manuel Costas Gómez, O Burgo.

Daniel Esperón Millán, Baiona.

Manuel González Dadín, A Guarda.

Domingo Carrero Álvarez, Camposancos.

Agustín Carrero, Camposancos.

Francisco Carrero, Camposancos.

Juan Castro Álvarez, Camposancos.

Joaquín Castro Álvarez, Camposancos.

(en activo)

*"Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.*

*Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.*

*Que cando ao remate, ergan a vela, e a enxarcia
tremole vagarosa no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón"*

("As torres do ar" Avilés de Taramancos)

Con toda seguridade a información deste tríptico é mellorable, pedimos perdón se cometemos algún erro e solicitamos a vosa axuda para actualizar a información dispoñible. Contactade con mardapedracangas@gmail.com ou o tel. 652848942/Tiago.